

Concello de Viveiro

EXPTE.- 3133/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 127, de 04 de xuño de 2022, que as listas de emprego temporal en diferentes especialidades do Conservatorio Profesional de Música do Concello deben ser actualizadas para acadar un eficaz funcionamento, debido ao escaso número de participantes, a ter realizados chamamentos a través do SEPE por non ter dispoñibilidade os participantes, nas diferentes listas, e polo que se convoca o inicio do proceso e se establecen as normas para a selección de persoal para a creación de listas de emprego provisionais en atención as especialidades musicais no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro.

Vistas as Bases Xerais e o seu anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de substitutos e interinos para impartir a docencia no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Vista a Resolución de data 07 de xullo de 2022 relativa á lista provisional de admitidos e excluídos, que sinala:

“(…)PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos DA ESPECIALIDADE DE FRAUTA TRAVESEIRA:

A) ADMITIDOS:

Nº	Apellidos e Nome	Proba de galego
1	GARCÍA FERNÁNDEZ UXÍA	NON EXENTA (Pode ser obxecto de subsanación).
2	DADIN DOMÍNGUEZ CARLOS	NON EXENTA (Pode ser obxecto de subsanación).

A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es) para que se poida subsanar a non exención da proba de galego, segundo o punto 5 d) das Bases Xerais (copia cotexada ou auténtica).

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

SEGUNDO.- Vista a proposta do Tribunal en relación á subsanación da documentación presentada por varios aspirantes, no que se refire aos méritos a valorar, aportando copia simple, en virtude do disposto no punto 5 das Bases Xerais, e tendo en conta que se require a aportación de copia cotexada ou copia auténtica, resultando posible a súa subsanación, requírese aos seguintes aspirantes para que subsanen os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles.

Apellidos e nome	Subsanación
GARCÍA FERNÁNDEZ UXÍA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica).

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

DADIN DOMÍNGUEZ CARLOS	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica).
------------------------	--

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración..."

Tendo en conta que no Rexistro Xeral deste Concello, Dna. Uxía García Fernández presenta no rexistro xeral deste Concello a acreditación mediante copia auténtica do certificado de Celga 4.

Tendo en conta que os aspirantes citados subsanaron os méritos aportados.

Vista a base xeral 8.3, que sinal "(...) **LISTA DEFINITIVA.-** Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital. O feito de figurar na relación de admitidos non se estima que se lle recoñeza ao interesado a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo. No caso de que, no transcurso do proceso poidese desprenderse que non posúen algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento...."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos **DA ESPECIALIDADE DE FRAUTA TRAVESEIRA:**

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	GARCÍA FERNÁNDEZ UXÍA	EXENTA
2	DADIN DOMÍNGUEZ CARLOS	NON EXENTA

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital para o seu coñecemento.

Contra a presente Resolución, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa, Ante mín, A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





Concello de Viveiro

Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)



Cod. Validación: 4DLJGRJ5XEEFLPX2GXMFKE3CRK | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147